



## **Informacións inicio de comedor 2023-2024**

Estimadas familias usuarias de comedor do curso 23-24 a continuación dareivos algunhas informacións necesarias para este novo curso de comedor.

- Este ano a empresa de cátering modificouse e neste curso contaremos cunha empresa chamada Jardanay.
  - O alumnado de 3 anos que acuda a comedor ou calquera alumno/a que consideredes necesario pode traer un babero de goma co seu nome posto ( os venres levarano a casa ).
  - Este ano só haberá unha quenda para a recollida do alumnado, será de 15:40 a 16:00, en casos con debida xustificación e avisando con anterioridade poderanse vir buscar antes ( isto faise así por necesidades organizativas do comedor ).
  - A entrega do alumnado seguirá sendo no portalón exterior grande da entrada principal do centro.
  - O alumnado que teña unha alerxia ou intolerancia alimentaria deberá comunicalo á dirección e entregar o informe correspondente para que se tomen as medidas necesarias e a dieta correspondente en cada caso.
  - Acordarvos de avisar con antelación das semanas alternas ou quendas nos que os/as alumnos/as asistirán ao comedor. En caso de non poder ir algún día en concreto ( por enfermidade ou causas varias ) tamén se pode avisar o mesmo día ata as 9:20 vía mail ou telefónica. ( mail: [ceip.gandara.naron@edu.xunta.gal](mailto:ceip.gandara.naron@edu.xunta.gal) ). Doutra banda a/o titor/a correspondente tamén deberá de estar informado dos días que acode o alumno/á o comedor.
  - Tede en conta que se non se fai uso do comedor durante un mes e sen debida xustificación procederase a dar de baixa ao usuario/a.
  - Por último lembrade que existen unhas normas de comedor que o alumnado deberá de cumprir para poder asistir ao mesmo, en canto estean actualizadas e aprobadas polos organismos correspondentes farémosvos participes das mesmas.
- Calquera dúbida poden consultar á dirección do centro.